



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

INFORMACIÓN Á VECIÑANZA

BANDO MUNICIPAL SOBRE AS LIMITACIÓNS DURANTE A 13ª ETAPA DA VOLTA A ESPAÑA - MUROS - MIRADOIRO DO ÉZARO

Prezadas veciñas e veciños,

O Concello de Muros pon en coñecemento da cidadanía que o próximo 3 de novembro a vila de Muros será lugar da saída da 13ª etapa da Volta España 2020 que rematará no miradoiro do Ézaro, un acontecemento único que suporá unha repercusión mediática a nivel mundial. Ademais, esta etapa terá un carácter moi especial ao tratarse da única contra reloxo individual, polo cal será determinante para coñecer o gañador final. Este evento implicará que a maior parte da vila e a súa contorna se vexa afectada pola loxística do evento, desta maneira será imprescindible a colaboración e comprensión da veciñanza.

Así, facendo uso da facultade que me concede o artigo 124.4 letra g, da Lei 7 /1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,




FAGO SABER

- Durante os días previos á celebración da etapa acoutaremos os lugares para o estacionamento de vehículos.
- Durante a xornada da etapa levaranse a cabo limitacións de mobilidade e peche da AC550.
- Habilitaranse zonas específicas para o estacionamento de vehículos.
- Os servizos de seguridade velarán polo cumprimento das normas establecidas.
- Publicarase na web do Concello de Muros un documento con recomendacións e consellos.

Muros, 13 de outubro 2020

A alcaldesa
Inés Monteagudo Romero

**POR TI, POR TODOS,
POR *LA VUELTA*,
QUÉDATE NA CASA**

   #LaVuelta20EnCasa

LA VUELTA